

Presentación

Antonio Baile – Presidente da Coordinadora Estatal de Comercio Xusto

Querido/a amigo/a do Comercio Xusto:

Dámosche a benvida a esta nova entrega do informe O comercio xusto en España. Esta edición é a primeira que publica en solitario a Coordinadora Estatal de Comercio Xusto. Esperemos que estea á altura do testemuño que nos precede e, sobor de todo, das expectativas e desafíos aos que nos enfrontaremos.

Vaia por diante o noso agradecemento á Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID), que co seu financiamento fixo posíbel esta publicación, nunha nova mostra de decidido apoio internacional brindado ao Comercio Xusto como ferramenta de desenvolvemento para a mellora económica e laboral das produtoras e dos produtores do Sur.

Tampouco nos esquecemos das 34 organizacións que conforman a Coordinadora Estatal de Comercio Xusto. Elas son as que se atopan detrás desta publicación e as que, coa súa tenacidade e esforzo cotián, dan vida e sentido á Coordinadora e sosteñen o movemento por un Comercio Xusto no noso país. A súa pluralidade é a nosa riqueza, o seu traballo é a nosa razón de ser.

A día de hoxe, este informe constitúe a publicación de referencia para o movemento do Comercio Xusto no Estado español. A nosa intención non é outra ca reforzar esta condición e botar luz sobre numerosos, distintos e novidosos aspectos desta forma alternativa de comerciar con xustiza. Facémolo desde a humildade de sabérmonos un movemento aínda pequeno e coa potencialidade que nos outorga formar parte dunha alternativa máis ampla que loita por construír un mundo máis xusto, humano e sostíbel. Sen outra pretensión cá de contribuír con este informe a sumar unha nova peza á amplísima e diversa caixa de ferramentas coas que interpretar o mundo para incidir nel.

Un mundo que nos últimos anos se viu golpeado por unhas das peores crises internacionais recentes. Unha crise inicialmente financeira, logo económica, pero tamén climática, enerxética, alimenticia... Unha crise sistémica e multidimensional froito dun sistema económico globalizado de produción, distribución e consumo que desde o movemento por un Comercio Xusto vimos denunciando dende hai xa máis de 40 anos. Unha crise da que o propio Comercio Xusto non quedou exento e cuxas consecuencias vivimos a diario as consumidoras e os consumidores do Norte, as tendas e importadoras de Comercio Xusto e, sobor de todo, as produtoras e os produtores do Sur, para quen esta crise actual vén sumarse á crise endémica que sofren e combaten dende hai décadas a través de iniciativas concretas que antepoñen a equidade, a sostibilidade e a xustiza social aos intereses económicos. Porque as nosas vidas e mailo Planeta valen máis cós seus beneficios.

Dende o estalido da crise internacional, e en parte en resposta á mesma, na Coordinadora Estatal de Comercio Xusto seguimos avanzando na consolidación deste modelo alternativo de comercio e consumo no noso país. A comezos do 2011 aprobamos un novo sistema de filiación dirixido a acreditar organizacións de Comercio Xusto a partir dunha serie de criterios obxectivos e rigorosos. Este fito supón un paso adiante fundamental dirixido a aumentar a confianza da cidadanía no Comercio Xusto, nun contexto marcado pola irrupción de novos actores e prácticas comerciais nadas á calor do “consumo responsábel”. Este interese, demanda e oferta crecente de produtos que integren na súa produción, distribución e/ou consumo criterios de xustiza social ou sostibilidade, representa, sen ningunha dúbida, unha nova positiva e esperanzadora, independentemente de que as organizacións membro da Coordinadora non estean detrás de todas estas canles de distribución. Dalgunha maneira, parece que comezamos a recoller, nun senso amplo, os froitos de máis de quince anos de traballo de difusión e sensibilización levado a cabo desde as organizacións da Coordinadora Estatal, pioneiras do Comercio Xusto e do consumo responsábel no noso país. Manterémonos atentos aos retos, ás dificultades e ás potencialidades que leve consigo esta diversidade crecente, sen maior proselitismo có de seguir sumando forzas ao movemento global pola xustiza social, da que tan só somos unha parte.

No plano internacional, entidades como a Organización Mundial do Comercio Xusto (WFTO, nas súas siglas en inglés), da que a Coordinadora Estatal forma parte tanto a nivel europeo coma global, continúan a consolidarse como espazos de encontro e converxencia a escala rexional e internacional. Fronte a unha crise global e a un fenómeno de dimensións mundiais como é o comercio internacional (tanto xusto coma convencional), as análises compartidas, as respostas coordinadas e mailas iniciativas conxuntas resultan imprescindíbeis. E é que se algo nos deixa en positivo esta crise, máis alá dos seus desastrosos impactos, é a rabiosa vixencia dunha denuncia inexcusábel do actual sistema económico e comercial internacional, e a cada vez máis necesaria aposta decidida por outras formas de producir, comerciar e consumir. Seguiremos xa que logo tecendo alianzas cada vez máis sólidas que nos permitan avanzar de maneira conxunta na denuncia dun sistema comercial globalizado rexido por normas e regras inxustas ao servizo dos intereses do capital privado transnacional, e na construción dunha alternativa real a escala mundial que inclúa ao Comercio Xusto entre os seus piares.

Con este informe procuramos dar luz a esta dobre consecuencia da crise: os seus múltiples impactos e a xa nomeada e cada vez máis urxente necesidade de deseñar e construír alternativas ao sistema de produción e comercio que os provocou. Para isto, a publicación estrutúrase en tres grandes capítulos. O primeiro corresponde co habitual informe cuantitativo, no que se analizan as vendas de produtos de Comercio Xusto realizadas polas importadoras membro da Coordinadora Estatal, que se complementa cun estudo sectorial a partir das vendas de produtos coa certificación Fairtrade levadas a cabo por outras entidades de carácter privado; asemade, incluímos un balance e unhas perspectivas tralos xa case tres anos de crise. O segundo capítulo versa sobor dos impactos da crise para o Comercio Xusto e combina unha análise centrada no consumidor responsábel do Norte con tres miradas desde Asia, África e América Latina de mans de organizacións produtoras.

Para rematar, un terceiro capítulo procura construír unha ponte ao diálogo aberto entre o Comercio Xusto e outros ámbitos e temáticas (finanzas éticas, desenvolvemento económico) para pensar de forma colectiva en alternativas ao actual sistema económico e ir máis alá da análise

concreta da crise actual. Nel incluimos a posición aprobada a comezos do ano 2011 pola Coordinadora Estatal de Comercio Xusto arredor dos acordos comerciais actualmente en proceso de negociación entre a Unión Europea e varios países en desenvolvemento. Da eventual sinatura destes acordos de libre comercio nas condicións actualmente propostas dependerá que, unha vez superada a presente crise económica, millóns de personas arredor de todo o planeta sigan atrapadas nun modelo comercial global que os condena a unha crise sistémica permanente. Se o fin último do Comercio Xusto é mellorar a calidade de vida das produtoras e dos produtores, desde a Coordinadora Estatal non podemos deixar de denunciar con forza os pasos dados en contra deste obxectivo. O estado actualmente aberto das negociacións xustifica a súa vixencia e o necesario debate e actuación arredor desta problemática, outra cara da mesma moeda á que esta publicación procura dar luz.

Boa lectura!



Coordinadora Estatal de Comercio Justo
C/ Santísima Trinidad, 30 1º 8 28010 Madrid
91 299 38 60 estudios@comerciojusto.org
www.comerciojusto.org